

# Polideportivo

**63<sup>o</sup> INTERNACIONAL  
DE  
SARRIA  
ACOLLE  
OS  
XOGOS  
AUTONÓMICOS**

**4 de maio do 2019**

**FLUVIAL**

**SAÍDA DE RÁBADA 16:30 H.**

Saída de Rábade ás 16:30 h., categorías Senior, Xuvenil e Veterán,  
Saída de Ombreiro as 17:30 h., categorías Cadete

**CHEGADA NO CLUB FLUVIAL**

## TIRO

### Campionato Galego FU

O Club de Tiro San Roque organiza mañá a terceira fase do Campionato Galego de Foso Universal. Os tiradores -que disporán de 100 pratos- teñen a última ocasión para sumar puntuación tras as fases celebradas en Trazo e As Pontes

## SPECIAL OLYMPICS

### Sarria acolle os Xogos Autonómicos

239 deportistas con discapacidade intelectual de 17 asociacións de toda Galicia, acompañados por 52 adestradores, compiten hoxe nos Xogos Autonómicos de Special Olympics Galicia

## Partidos destacados

**HOXE 18:30h.** FÚTBOL SALA  
2ª DIVISIÓN Burela FS - FC Barcelona

**MAÑÁ 12:00h.** FÚTBOL  
LIGA 1-2-3 CD Lugo - Almería

**HOXE 17:30h.** FÚTBOL BASE  
LIGA GALEGA CADETE Milagrosa - Viveiro

**MAÑÁ 18:00h.** FÚTBOL  
TERCEIRA DIVISIÓN, RC Villalbés - Arosa

## NATACIÓN

### Ligas Alevín e Benxamín

As piscinas de Frigsa acollen esta tarde a sexta xornada da Liga Benxamín na que competirán o CN Portamiñá, anfitrión, o Fluvial de Lugo e o CN Xove. Mañá, a piscina de Monforte albergará a sexta xornada das ligas Alevín e Benxamín



## BALONMÁN

**Hoxe. A Coruña**  
**2ª AUTONÓMICA MASCULINA**

Esta tarde, ás 18:30 horas, o BM Lucus xoga o último encontro de lig na Segunda Autonómica Masculina. O equipo lucense mídese ao conxunto coruñés BM Línea 21, un posto por debaixo na clasificación. O Lucus buscará pechar a temporada coa oitava vitoria na competición.



## TIRO

**Mañá. Lugo**  
**CAMPIONATO GALEGO FU**

O Club de Tiro San Roque organiza mañá nas súas instalacións a terceira fase do Campionato Galego de Foso Universal. Trátese da última cita antes da final que se disputará os vindeiros 18 e 19 de maio. Os tiradores -que disporán de 100 práticos- teñen a última ocasión para sumar puntuación tras as fases celebradas en Trazo e As Pontes.



## PÁDEL

**Hoxe. Outeiro de Rei**  
**TORNEO DE PADEL**

Hoxe conclúe no Centro Deportivo D10 o torneo de padel solidario que se disputa desde o mércores nas instalacións deportivas de Outeiro de Rei coa participación de xogadores e xogadoras das categorías 1ª e 2ª Masculina, Feminina e Sub-15. A recaudación das inscricións destinarase á Asociación Somos Unidos contra el Cáncer.



## VOLEIBOL

**Mañá. Boiro.**  
**CAMPIONATO GALEGO ALEVÍN**

CV Emevél, Ribeira Sacra e Korbis participan mañá na cuarta e última proba do Campionato Galego Alevín, na que se decidirán os clasificados para disputar a Fase Final polo título galego.



## GOLF

**Hoxe e mañá. Ferreira de Pantón**  
**CAMPIONATO GALEGO INDIVIDUAL**

Preto de 90 xogadores de golf de clubs de toda Galicia participan no Campionato Galego Individual para maiores de 30 anos que se celebra esta fin de semana no campo de golf do balneario de Augas Santas, en Ferreira de Pantón. A competición, aberta a xogadores con handicap EGA máximo de 32,4 e que cumpran polo menos 30 anos ao longo deste 2019, desenvolverase dacordo coa fórmula de xogo 36 hoyos medal play scratch.

Hoxe, as saídas faranse por estricto orde de hándicap, comezando en primeiro lugar os de hándicap máis alto. Mañá, farase por orde inversa a clasificación scratch.



## KUNG FU

**Hoxe e mañá. Ferreira de Pantón**  
**CAMPIONATO INTERPROVINCIAL ESCOLAR**

Vintenove equipos lucenses, con deportistas do Club Kung Fu Lugo, da Asociación Cultural e Deportiva A Piringalla e da ANPA Colexio Cervantes participan no Campionato Interprovincial Escolar de Kung Fu que se celebra no polideportivo municipal de Arteixo.

Os participantes son nenos e nenas entre os 4 e os 14 anos, que competirán en equipos mixtos de 3 ou 6 integrantes.



## LOITA

**Desde mañá ata o 12 de maio. Bucarest (Rumanía)**  
**TORNEO INTERNACIONAL BUCAREST**

Carlos Yobani García, do Club de Loitas Olímpicas de Vilalba, participa coa selección española neste duro torneo internacional, que continuará cunha concentración para preparar o Campionato de Europa Júnior que tendrá lugar en Pontevedra del 1 al 9 de Junio.



## FÚTBOL SALA

### COMPETIÇÕES

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª Div.	Burela FS	Barcelona FC	Vista Alegre	Hoxe, 18:30h
3ª Div.	Ribeira FS	Culleredo FC	PM Lugo	Mañá, 17:00h
3ª Div.	Casás	Red Blue Coruña	PM Lugo	Hoxe, 20:00h
3ª Div.	P. Barreiros	Vilalba FS	PM Barreiros	Hoxe, 19:00h
Pref. M	Quiroga FS	Pontedeume	PM Quiroga	Hoxe, 19:00h
Pref. M	San Amaro	CD Lugo Sala	Club del Mar	Hoxe, 20:00h
Pref. M	Lugo FS	Unión GR9	PM Lugo	Hoxe, 19:00h
Pref. M	Alto do Vento	Guitiriz	Fonfiñas	Hoxe, 19:30h
Pref. F	Fisober	Castro	PM O Conco	Hoxe, 19:00h
Pref. F	C. Pontevedra	Vilalba FS	Príncipe Felipe	Mañá, 12:00h
Xuv. M	Os Meigallos	Mera FS	O Chanto	Mañá, 16:00h
Xuv. M	Marín	Vilalba FS	O Sequele	Mañá, 16:00h

### COPA GALICIA

Ademais das competicións ligueiras, esta fin de semana e ao longo da próxima semana disputárase a Copa Galicia en diferentes categorías

Na categoría cadete feminina, o Castro xogará contra o Talleres ABC Vigo FS na cidade olívica esta tarde ás 17:30 horas. O conxunto infantil feminino do club chairego enfrontárase ao Poio Pescamar na Seca tamén esta tarde, ás 16:00 horas.

Luns e martes disputárase a Fase Final do Torneo na categoría absoluta no Pavillón Municipal das Pontes.

As semifinais enfrontarán o luns ao Pescados Rubén Burela contra o Santiago Futsal ás 18:30 horas e posteriormente disputárase a segunda semifinal entre O Parrulo Ferrol e o Noia Portus Apostoli ás 20:30 horas. A gran final que coroará ao novo rei de Galicia disputárase o martes día 7 de maio ás 19:00 horas. O equipo masculino do club laranxa tratará de emular ao conxunto feminino que se proclamou campión a pasada semana en Riazor.



## PATINAXE



**Hoxe. Lourenzá**  
**PREPARATORIA PATINAXE**

O pavillón municipal de Lourenzá acolle esta tarde unha xornada preparatoria de patinaxe artístico organizada pola ED Lourenzá no marco do programa de deporte escolar Xogade. Máis de 120 deportistas de Primaria e Secundaria participarán na competición que se desenvolverá das 19:00 ás 21:00 horas

O pasado martes celebrouse en Cervantes a primeira xornada preparatoria, dirixida a deportistas da zona da montaña lucense.



## NATACIÓN

**Hoxe. Lugo e Monforte**  
**LIGAS BENXAMÍN E ALEVÍN**

As piscinas de Friga acollen esta tarde a sexta xornada da Liga Benxamín na que competirán o CN Portamiñá, anfitrión, o Fluvial de Lugo e o CN Xove.

Mañá, a piscina de Monforte albergará a sexta xornada das ligas Alevín e Benxamín coa participación do club monfortino e máis doutros equipos ourensáns e pontevedreses.



## BILLARDA

**Hoxe. Ponte de Outeiro**  
**LIGA GALEGA BILLARDA**

Esta tarde disputárase na Ponte de Outeiro, no concello de Cospeito, a penúltima xornada da Liga Galega de Billarda na Conferencia Norleste. O club local, Os Carabullo, podería dar un paso definitivo para proclamarse campión da competición. Aventaxan en dez puntos a Billardeiros Musicais.



## ATLETISMO

**Hoxe. Carballedo**  
**CARREIRA POPULAR ENTRE CARBALLOS CENTENARIOS**

Esta tarde celébrase en Carballedo a quinta edición da Carreira Popular Entre Carballos Centenarios, na que formalizaron a súa inscrición máis de 300 persoas.

A proba, que ten como gran atractivo a paisaxe que atravesan os circuitos, entre vexetación autóctona, conta con percorridos adaptados as diferentes categorías.

De 100 metros para Chupetes (ata os 5 anos), de 400 metros para Infantil (de 6 a 10 anos) de 800 para Xuvenil (de 11 a 15 anos, e case 11 quilómetros para atletas das categorías absolutas (Promesa, Senior e Veterano)

A saída das carreiras será ás 16:00 horas na Praza V. Portomeñe de Carballedo. Tamén se celebrará unha Andaina Popular con saída a partir das 17:10h con un recorrido duns 11 quilómetros.

Os dorsais e os chips de cronometraxe entregaranse de 15:00 a 16:00 horas na Casa do Concello.

A carreira forma parte do Circuito Miño Ulla do que inclúe seis probas da zona sur da provincia. A de Carballedo é a segunda proba do circuito despois da celebrada en Taboada, en setembro pasado, e en Portomarín, hai quince días.

**Mañá Cospeito**  
**CARREIRA POPULAR COSPEITO**

Preto de 200 corredores e corredoras participan mañá na primeira edición da Carreira Popular Concello de Cospeito, que terá un fin solidario xa que o recadado irá para a Asociación Española Contra o Cancro (AECC)

A proba absoluta, cun percorrido de 14 quilómetros, arrincará ás 11:00 horas en Muimenta e levará aos participantes ata a capitalidade municipal de Feira do Monte, onde se instalará a meta.

Tamén se organizarán probas para as categorías inferiores -Promesa, Sub 14, Sub 12, Promoción e Pitugos, con diferentes percorridos desde a Lagoa de Cospeito ata a casa consistorial, a partir das 12.30 horas.

Para achegar aos máis novos do municipio a este deporte e animalos a participar na proba, o Concello programou charlas polos centros educativos cun preparador Nacional de atletismo.

**Mañá. Lugo**  
**4ª CLASIFICATORIA ATLETISMO**

Uns 300 atletas das categorías infantil e cadete pertencentes a clubs e colexios de toda a provincia participan mañá na cuarta clasificatoria de atletismo do programa de deporte escolar Xogade.

As probas de velocidade, salto e lanzamento de peso sucederán durante toda a mañá, desde as 10:00 ata as 14:15 nas pistas do complexo deportivo das Pedreiras, que acollerán a competición organizada pola delegación lucense da Federación Galega de Atletismo.

**Venres. Foz**  
**CARREIRA POPULAR POLA LINGUA**

A primeira Carreira Popular pola Lingua, organizada polo Colexio Martínez Otero de Foz, incluírá probas para as categorías inferiores (pícaros, benxamíns, alevíns, infantís e cadetes), que se desenvolverán a partir das 15:30 horas.

Tamén se establecen dúas modalidades de participación para os adultos. Unha andaina de 3 quilómetros, que se iniciará ás 17:30 horas, e unha carreira absoluta, que comezará ás 19:00 horas.

As persoas interesadas poden formalizar a súa inscrición a través da web Sportmaniacs ata o vindeiro 8 de maio.



## TAEKWONDO

**Hoxe e mañá. Albacete**  
**ESCOLAR PROVINCIAL DE COMBATE**

Trinta e seis taekwondistas participan mañá no Campionato Escolar Provincial de Combate e Exhibición que se celebrará no pavillón municipal de Baamonde. Trátase de deportistas das categorías alevín, infantil e cadete dos clubs Neka (11 participantes), Moo Duk Kwan (16 participantes), Escola Lucense de Taekwondo (2 participantes) e Jansu (7 participantes), anfitrión do evento.

A competición comezará ás 9:00 horas coas exhibicións e continuará cos combates, a partir das 10.30 horas. A xornada prolongarase ata as 17:00 horas.

Os participantes pelexarán pola clasificación para o Campionato Galego que se celebrará o 25 de maio en Betanzos. Acadarán o pase 16 deportistas lucenses que, na final galega, terán que medirse aos clasificados en Pontevedra, Ourense e Coruña. Este domingo celebranse todas as fases provinciais

# BILLAR

## COMPETICIÓN BILLAR

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Galega A	Revestimentos Raposo	D'Vuelta	Hoxe
Galega A	Restaurante o Braseiro	Mouchos	Hoxe
Galega A	Chámalle X	Pingos	Hoxe
Galega A	Pigeonses	Omega	Hoxe
Galega A	Santa Compañía	Bolita Nocturna	Hoxe
Galega A	Como Sempre	Flama	Hoxe
Galega B	Patacas Novas	Pulpería Mónica	Hoxe
Galega B	Dovalitos	Doel	Hoxe
Galega B	Bar Charlie	Cantimploras	Hoxe
Galega B	Tania & Bandidos	A Bota do Viño	Hoxe
Galega B	Os Afilados	Bar luna	Hoxe
Ind. 2°	Iván Rey	Nery Fdez	Hoxe
Ind. 2°	Jorge Blanco	Jose M. Díaz	Hoxe
Ind. 2°	Alberto Rguez	Jose Capón	Hoxe
Ind. 2°	Marcos Glez	Jose Cazón	Hoxe
Ind. 2°	Carlos Palmeiro	Victor Castro	Hoxe
Ind. 2°	Bruno Rguez	Laura Rarai	Hoxe
Ind. 3°	Mario López	Jose Sampayo	Hoxe
Ind. 3°	Borja Argeray	Amalia Buidé	Hoxe
Ind. 3°	Carlos M. Ferrandiz	Rubén Fdez	Hoxe
Ind. 3°	Samuel Yanes	Jaime Fontal	Hoxe
Ind. 3°	Ángel Doural	Mar Expósito	Hoxe
Ind. 3°	Enrique Freire	Justo Rguez	Hoxe
Ind. 3°	Leire Folgeuria	Iván Meilán	Hoxe
A Costa	Nacho Fdez	Jose Candal	Hoxe
A Costa	Luis Dayán	Iván Fdez	Hoxe
A Costa	Felipe Manin	Manuel Uría	Hoxe
A Costa	Emilio Rego	Óscar García	Hoxe
A Costa	Ignacio Fdez	Demetrio Salgueiro	Hoxe
Sénior OP	Manuel Rey	Jose Capón	Hoxe
Sénior OP	Diego Ferreiros	Carlos Hermida	Hoxe
Sénior OP	Enrique Freire	Santiago Lourido	Hoxe
Sénior OP	Jose Carlos Clares	Justo Pérez	Hoxe
Sénior OP	Jaime Fontal	Rodrigo García	Hoxe
Sénior OP	Fernando Rios	Pablo Campo	Hoxe
Sénior TM	Jose M. Rielo	Amalia Buidé	Hoxe
Sénior TM	Amable Ramos	Carlos M. Ferrandiz	Hoxe
Sénior TM	Samuel Yanes	Jose Cazón	Hoxe
Sénior TM	Jose A. Sampayo	Manuel Cumbraos	Hoxe
Sénior TM	Jaime Fdez	Diego Rguez	Hoxe
Cto. Esp	OP Bordados Lugo	OP Los Tercera	Hoxe
Cto. Esp	TM Poolmonia	OP Atraque	Hoxe
Cto. Esp	TM Siglo XXI	TM O Braseiro	Hoxe
Cto. Esp	OP ASTB	TM Bolita & Bolita	Hoxe

# DARDOS

## COMPETICIÓN DARDOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Liga G. 1	Game of Darts	Eu que sei	Mañá
Liga G. 3	O Chao 1	Bar Pacheco	Mañá
Liga G. 4	Chacaritas	Estreitoteam	Mañá
Liga G. 4	O Chao 2	Santa Cruz A	Mañá
Liga G. 4	Pipoka Team	Timón	Mañá
Liga G. 5	Politécnica	Bar Nela	Mañá
Liga G. 7	A Bichería	Gaudinos	Mañá
Liga G. 8	O Chao 3	Bar Curra	Mañá
Liga G. 8	Ruxedarts	Habertos Hailos	Mañá
Liga G. 9	A Veiga	A Pau Seco	Mañá
Liga G. 9	Pub Tibor	Enxebre	Mañá
Liga G. 9	Paris Brothers	Relámpagos	Mañá
Liga G. 10	Perfil	Perfil	Mañá
Liga G. 10	Relámpagos	Outeiro A Kova	Mañá
Liga G. 12	Venus	Undertarke	Mañá
Liga G. 13	Porco Celta	Os de arriba	Mañá
Liga G. 14	Non podemos con elas	Nin pescado	Mañá
Liga G. 15	Bar Gaucho	Salgueira	Mañá
Liga G. 16	Paredela darts	Bregón	Mañá
Liga G. 16	Bregón	Paradela Darts	Mañá
Liga G. 16	Politécnica	Los Languis	Mañá
Liga G. 17	Ángeles del infierno	Tenlo	Mañá
Liga G. 17	Braseiro	Ismael	Mañá
Liga G. 17	D10	Meira 3	Mañá
Liga G. 18	Campeliños	Zuto Team	Mañá
Liga G. 18	Club Náutico	Félix	Mañá
Liga G. 19	Non teñen tempo	A Pas	Mañá
Liga G. 20	Coco Loco	El Balcón	Mañá
Liga G. 21	Centro Cultural	Tiempos	Mañá
Liga G. 21	Fevisa	A Parra	Mañá
Liga G. 22	Avenida	Os que faltaban	Mañá

# BALONCESTO

## COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga ACB	Valencia Basket	CB Bregón	Valencia	Hoxe 18:00h
2° Fem.	Sagrado C.	Betanzos	Anexo 2	Mañá 12:00h
2° Fem.	O. Caritón	Ensino	Santiago	Hoxe 16:00h
2° Fem.	Cía de María	CB Lea	Santiago	Hoxe 18:00h
2° Fem.	Estudiantes	Cook Muralla	Pazo	Mañá 19:00h
1° Cad M.	Estudiantes	CB Tui	Santiago	Hoxe 16:00h
1° Cad F.	Pio XII	Estudiantes	Santiago	Hoxe 18:15h
1° Inf. M.	Seis do Nadal	CB Burela	Vigo	Hoxe 12:00h
1° inf F.	Estudiantes	Celta Zorka	Anexo	Mañá 17:00h
1° Preinf M.	Maristas	PBB B	Anexo	Hoxe 16:00h
1° Preinf M.	Estudiantes	CB Tui	Pazo	Mañá 10:00h
1° Preinf F.	Estudiantes	Carmelitas	Anexo	Hoxe 18:00h
1° Mini M.	Estudiantes	B. Coruña	Anexo	Hoxe 10:00h
1° Mini M.	Peleteiro	CB Sarria	Santiago	Mañá 10:00h
1° Mini M.	CB Ribadeo	CB Noia	Ribadeo	Hoxe 12:00h
1° Mini M.	Maristas	Montrove	Anexo	Hoxe 12:00h
1° Mini F.	Cluny 007	Estudiantes	Santiago	Mañá 17:00h

# FÚTBOL

## Mañá, Anxo Carro

### LIGA 1-2-3

O Club Deportivo Lugo recibe ao Almería nun encontro con tintes de final. Eloy Jiménez, adestrador do conxunto lucense, debuta na casa coa imperiosa necesidade de sumar os tres puntos en xogo para non verse descolgado da loita pola permanencia. O conxunto andaluz pola súa banda exprimirá as súas últimas opcións de meterse no play off de ascenso.

## COMPETICIÓN FÚTBOL NACIONAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga 1-2-3	CD Lugo	Almería	Anxo Carro	Mañá 12:00h
3ª División	RC Villaralbés	Arosa SC	A Magdalena	Mañá 18:00h
3ª División	Polvorín FC	Atondras CF	A Cheda	Mañá 17:00h
1° G. Fem.	CF Orzán	Antas	A Coruña	Mañá 18:00h
1° G. Fem.	Milagrosa	Arcadia	L. Gorgoso	Mañá 17:00h
Preferente	Foz	Xallas	M. Otero	Mañá 18:00h
Preferente	Órdenes	Castro	Municipal	Mañá 18:30h
Preferente	San Tirso	Ribadeo	S. Tirso	Mañá 17:30h
Preferente	Viveiro CF	Dubra	Cantarrana	Mañá 12:00h
Preferente	Estudiantil	Sarriana	S. Martiño	Mañá 19:00h
1° Aut.	Friol A	Riotorto	A Reigosa	Mañá 12:00h
1° Aut.	Lemos	Taboada	A Pinguela	Mañá 18:00h
1° Aut.	Xove Lago	Chantada At.	Municipal	Mañá 17:00h
1° Aut.	Burela SD	Pastorcense	A Marosa	Mañá 17:00h
1° Aut.	Santaballés	Outeiro	A Liga	Mañá 18:00h
1° Aut.	Residencia	S. Ciprián	A Cheda	Mañá 18:00h
1° Aut.	Chantada	Pol	Sangoñedo	Mañá 18:15h
1° Aut.	Monterroso A	Escairón	Cerdeiriños	Mañá 17:00h
1° Aut.	O Páramo	Pontenova	As Rapadas	Mañá 17:00h

## COMPETICIÓN FÚTBOL PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2° Aut. N.	Ibeiria	Meira	As Valgas	Mañá 17:00h
2° Aut. N.	Candelaria	Abadín	A Granda	Mañá 17:00h
2° Aut. N.	Guitiriz	Goiriz	Suso Cruz	Hoxe 17:30h
2° Aut. N.	Xermade	Folgueiro	Municipal	Mañá 17:00h
2° Aut. N.	Mondoñedo	Comercial	Viñas da Veiga	Mañá 17:00h
2° Aut. N.	Valadouro	Roupar	O Árbol	Mañá 17:00h
2° Aut. N.	Cospito	Lourenzá	A Fonte	Mañá 17:00h
2° Aut. N.	Cervo	Cabreiros	A Bidueira	Hoxe 17:00h
2° Aut. Sur	S. Lázaro	Corgo	A Ponte	Mañá 17:00h
2° Aut. Sur	Guntín	Palas	Ladairo	Mañá 17:00h
2° Aut. Sur	Sp. Lucense	Monterroso B	R. Lago	Mañá 17:00h
2° Aut. Sur	Chantada B	Bóveda	Sangoñedo	Mañá 16:00h
2° Aut. Sur	Ferreira	Oural	O Balño	Mañá 17:00h
2° Aut. Sur	Portomarín	Brollón	C. da Poza	Hoxe 17:00h
2° Aut. Sur	S. Roque	O Incio	O Polvorín	Mañá 17:00h
2° Aut. Sur	Sa. Comba	Becerreá	Tras do Novo	Mañá 17:00h
3° Copa	Fonsagrada	Cazas	Municipal	Hoxe 17:30h
3° Copa	Friol B	Matela	A Reigosa	Hoxe 17:00h
3° Copa	Alfoz	Milagrosa	Municipal	Hoxe 17:00h
3° Copa	Sober	Quiroga	Centeas	Hoxe 18:00h
3° Copa	Lemos B	Taboada B	L. Bodegas	Hoxe 18:00h
3° Playoff	Catro Roldas	Barreiros	ACanteira	Mañá 17:00h
3° Playoff	Río Sil	Antas	A Carqueixa	Mañá 17:00h

# FÚTBOL BASE

## COMPETICIÓN FÚTBOL BASE SUPERIORES

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Xuvenil N.	Val Miñor B	CD Lugo B	Nigrán	Hoxe 16:00h
Xuvenil N.	Calasanz	RC Villaralbés	A Coruña	Mañá 12:15h
Xuvenil Gal.	As Pontes	Residencia A	O Poblado	Hoxe 18:00h
Xuvenil Gal.	At. Riveira	Viveiro CF	Fieteira	Hoxe 16:30h
Xuvenil Gal.	CD Barco	Calasancio	O Barco	Hoxe 17:45h
Cadete H.	Ourense	CD Lugo	Ourense	Martes 19:00h
Cadete Gal.	RC Villaralbés	Ural B	Roca	Mañá 12:00h
Cadete Gal.	Milagrosa	Viveiro CF	L. Gorgoso	Hoxe 17:30h
Cadete Gal.	CD Lugo B	Lalín	R. Lago	Hoxe 12:00h
Infantil Gal.	CP Calasancio	Porriño	A. Blanco	Mañá 12:00h

## COMPETICIÓN FÚTBOL BASE PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Prov. Xuv.	Sarriana	Sagrado	Ribela	Hoxe 12:00h
Prov. Xuv.	Becerreá	RC Villaralbés B	Municipal	Hoxe 16:30h
Prov. Xuv.	Milagrosa	S. Ciprián	L. Gorgoso	Hoxe 19:30h
Prov. Xuv.	Castro	CD Foz	Municipal	Hoxe 17:30h
Prov. Xuv.	Polvorín	Ribadeo	O Polvorín	Hoxe 16:00h
Prov. Cad.	Residencia A	Sarriana	A Cheda	Hoxe 11:45h
Prov. Cad.	Sagrado C.	Burela SD	R. Lago	Mañá 10:00h
Prov. Cad.	CD Foz	Polvorín A	Municipal	Mañá 11:00h
Prov. Inf.	Sarriana	Sagrado C	Ribela	Hoxe 10:00h
Prov. Inf.	Becerreá	RC Villaralbés A	Municipal	Hoxe 18:30h
Prov. Inf.	Residencia B	SD Viveiro	A Cheda	Hoxe 17:45h
Prov. Inf.	CD Lugo B	Burela SD	R. Lago	Hoxe 12:00h

# F. VETERANOS

## COMPETICIÓN FÚTBOL VETERÁNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1° Local	Sagrado	Milagrosa	A Ponte	Mañá 11:30h
1° Local	Garabolos	O Picato	A Cheda	Hoxe 16:00h
1° Local	Residencia	Peñarol	A Cheda	Hoxe 20:00h
1° Local	R. Frain	Outeiro	R. Lago	Hoxe 18:30h
1° Local	Albeiros	Agor	R. Lago	Hoxe 12:00h
1° Local	PV Montajes	Breña	R. Lago	Hoxe 18:00h
1° Local	Ferrovialria	Corgo	R. Lago	Hoxe 16:00h
1° Local	As Gándaras	San Roque	A Cheda	Mañá 11:00h
Provincial	Taboada	Saavedra	A Medela	Hoxe 19:00h
Provincial	Paradela	Friol	O Gandarón	Mañá 10:00h
Provincial	Gaioso	Cospito	O Penedo	Mañá 11:30h
Provincial	Vet. Sarria	Trasnos	A Ribela	Hoxe 18:00h
Provincial	At. Illán	Pastorcense	Comieiros	Hoxe 17:00h
Provincial	Guntín	Sarriana	Ladairo	Mañá 11:30h
Provincial	Castro	Abadinense	Municipal	Mañá 11:30h
Provincial	Pol	Becerreá	M. Luna	Hoxe 17:00h
2° Local	Monterroso	Pontenova	Cerdeiriños	Mañá 11:00h
2° Local	Palas	Codesido	Chacotes	Mañá 11:30h
2° Local	Montouto	Begonte	Magdalena	Hoxe 19:30h
2° Local	Sarriana	Albense	A Ribela	Hoxe 20:00h
2° Local	Santaballés	Sancobade	A Liga	Mañá 11:30h
2° Local	Parga	Lambruxos	Noreña B.	Mañá 11:30h
2° Local	Momán	Rabadense	Da Veiga	Hoxe 17:30h

# S. OLYMPICS

## Hoxe, Sarria XOGOS AUTONÓMICOS

239 deportistas con discapacidade intelectual de 17 asociacións de toda Galicia, acompañados por 52 adestradores, compiten hoxe nos Xogos Autonómicos de Special Olympics Galicia.

A inauguración oficial será ás 10.45 horas, cunha cerimonia que emula o protocolo dos Xogos Olímpicos, cun desfile dos participantes e a lectura dun manifesto reivindicativo co lema "Quero gañar, máis se non o acado, deixádemme ser valente no intento".

As 12:00 da mañá, comezarán as probas, que terán lugar durante todo o día, ata ás 19:00 h. da tarde. Os xogos de campo a través seguirán as regras básicas dos eventos deportivos organizados por Special Olympics. Establecen tres niveis de participación en función dos coñecementos que os deportistas teñen das regras así como das súas capacidades físicas. Organízanse probas adaptadas e os atletas competirán en Nivel I (alto), Nivel II (intermedio) e Nivel III (básico).

# PIRAGÜISMO

**A 63 EDICIÓN DO DESCENSO INTERNACIONAL DO MIÑO** cita a máis de 250 deportistas esta tarde cun caudal do río propicio para marcar records



Esta tarde celébrase a edición número 63 do Descenso Internacional do Miño, a segunda proba con máis tradición do piragüismo español despois do Descenso do Sella. Máis de 250 deportistas das categorías cadete, xuvenil, sénior e veteranos participarán na competición, que reúne máis dunha trintena de clubs de toda Galicia, entre eles os lucenses Viveiro, San Ciprián, Cidade de Lugo e Club Fluvial de Lugo, que organiza a cita en colaboración coa Federación Galega de Piragüismo. O anfitrión estará representados por 41 padexeiros e 28 embarcacións.

Para esta edición, mantéñense os percorridos, que o ano pasado se equipararon para homes e mulleres. Así, as categorías xuvenil, sénior e veteranos nas modalidades de K1, K2 e C1 tomarán a saída ás 16.30 horas do sábado, desde Rábade, para cubrir unha distancia de dezasete quilómetros, con meta volante en Outeiro de Rei, e con chegada a meta no propio club Fluvial. Mentres, os cadetes, en todas as súas modalidades, remarán unha distancia de oito quilómetros, con saída ás 17.30 horas en Ombreiro.

#### En busca dun récord

Desde a sección de piragüismo do Club Fluvial sinalan que "estes días pasados varios integrantes do equipo foron a adestrar e debido ao gran cau-

dal, o río está moi rápido" polo que non descartan que esta tarde se poidan "bater récords, sobre todo na regata de 17 quilómetros, con saída desde Rábade".

O responsable de Eventos do Fluvial, Manuel Castiñeira, agradeceu o apoio das empresas patrocinadoras neste evento, que permitirán, por exemplo, premiar con produtos gastronómicos aos primeiros K1 e K2 que crucen a meta, e aos segundas e terceiras embarcacións, con saída en Rábade.

A proba, patrocinada pola Diputación de Lugo, conta coa colaboración de Xunta de Galicia, dos concellos de Lugo, Rábade e Outeiro de Rei, ademais da Garda Civil, da Policía Local e de Protección Civil, que velarán pola seguridade do evento.

A tradición e éxito de convocatoria da proba refórzan a proxección do piragüismo na provincia, do que o Club Fluvial de Lugo é un dos referentes. A este respecto, o presidente da entidade, Tito Valledor, subliñou a aposta de futuro que supoñen os cursos de piragüismo que realizan nas instalacións.

#### Podios lucenses na última edición

O Club Escola de Piragüismo Cidade de Pontevedra foi o triunfador da última edición da proba, celebrada en maio pasado. O Club As Torres de Catoira fixose co segundo posto mentres que o terceiro foi para o Club

Cidade de Lugo.

Os deportistas lucenses tamén lograron bos resultados a nivel individual, ocupando podios en varias categorías. Bernardo Sánchez e Jesús Rodríguez, do Club Fluvial, foron os primeiros en cruzar a liña de meta en K2 home sénior; Marcos Illanes e Alberto Piqueira, do Club de Piragüismo Viveiro, foron segundos e Xoel Docal e Carlos Álvarez, tamén do Fluvial de Lugo, foron terceiros. No K2 muller sénior as primeiras clasificadas foron Valeria Romeu e Jéssica Penela do Cidade de Lugo. José Ramón Estévez do Fluvial de Lugo e José Antonio Girón do Fluvial foron segundo e terceiro en K1. Carmen Villar do Fluvial de Lugo foi primeira en K1 muller sénior e Sabela Castro do Cidade de Lugo, terceira.

#### En marcha a Liga Provincial

O Descenso Internacional do Miño é a gran cita do piragüismo lucense, que o pasado mércores iniciaba a Liga Provincial. O Cidade de Lugo conquistou a vitoria na primeira proba da competición, da que foi anfitrión. A segunda e terceira posición do podio foi para o Club Fluvial de Lugo e o Club Piragüismo Altruán respectivamente. Na regata participaron preto de 230 deportistas pertencentes aos seis equipos da provincia. A próxima proba será o 16 de xuño.